



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Eurostars Hotel Company, SLU, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o 6 de xuño de 2018 coa empresa Eurostars Hotel Company, SLU, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue, no caso da dobre titulación en técnico superior en Dirección de Servizos en Restauración e técnico superior en Dirección de Cociña, dende o 15 de setembro de 2018 ata o 15 de setembro de 2021 e, no resto dos proxectos, desde o 15 de setembro de 2018 ata o 15 de setembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Eurostars Hotel Company, SLU, para a implantación de varios proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa e dos seguintes centros educativos: CIFP Carlos Oroza, CIFP Paseo das Pontes, IES de Foz, CIFP Compostela, IES de Vilamarín e CIFP Politécnico de Santiago.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:





A empresa Eurostars Hotel Company, SLU, está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

Os proxectos de formación profesional dual deste convenio, que son de carácter experimental, teñen as seguintes características:

- a. Cada proxecto toma como referencia un dos currículos oficiais implantados na Comunidade Autónoma de Galicia establecidos polos seguintes decretos:
 - Decreto 88/2011, do 20 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Dirección de Servizos en Restauración.
 - Decreto 83/2011, do 20 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Dirección de Cociña.
 - Decreto 55/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos.
 - Decreto 138/2011, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
- b. A formación dos ciclos formativos de Dirección de Servizos en Restauración e de Dirección de Cociña realizarase de xeito combinado e estará destinada a un





- mesmo grupo de alumnado, de maneira que ao final do período formativo cada persoa acade dúas titulacións: técnico superior en Dirección de Servizos en Restauración e técnico superior en Dirección de Cociña. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2018 ata o 15 de setembro de 2021.
- c. O resto dos proxectos terán como duración desde o 15 de setembro de 2018 ata o 15 de setembro de 2020.
 - d. A formación impartirase de xeito compartido entre os centros educativos e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior.
 - e. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadia do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

